



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Febreiro 2020

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2020


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Febreiro 2020

- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de febreiro en Galicia un incremento do 4,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa seis puntos superior á do mes de xaneiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,4%, 1,2 puntos máis que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 1,5% e nos Outros servizos o 12,6%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de febreiro.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 0,6% e en España un 1,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En quince comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado no mes de febreiro.

Indicador de actividade do sector servizos. Febreiro 2020

Taxa de variación do índice xeral e achegas dos seus compoñentes en %



	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	116,9	4,0	0,9
Venta e reparación de vehículos de motor	91,0	0,8	-3,1
Comercio por xunto	127,6	0,5	-4,3
Comercio ao retallo	97,7	4,8	2,7
Transporte	130,5	23,3	21,9
Hostalería	95,5	5,3	5,3
Información e comunicacións	109,7	7,7	7,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,5	-1,5	4,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,1	10,5	9,6

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,4% no mes de febreiro.


O sector que máis contribúe a este crecemento é o *Transporte*, ao incrementarse un 20,2%, co que achega 3,0 puntos. A *Hostalería*, cun crecemento do 5,3%, achega 1,0 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 1,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB aumenta o 7,3%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de febreiro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores aumentos danse en Murcia (7,8%) e Extremadura (7,6%).

Índices de cifra de negocios. Febreiro 2020


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 0,6% respecto ao mes de febreiro de 2019, catro décimas menos que en España (1,0%).



O persoal ocupado aumenta un 1,3% no *Comercio* e un 0,1% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Venta e reparación de vehículos de motor* (-1,0%), *Hostalería* (-1,2%) e *Transporte* (-1,5%). Os maiores crecementos danse en *Información e comunicación* (3,2%) e *Comercio por xunto* (2,3%).


En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos rexístranse tamén en *Información e comunicación* (2,1%) e *Comercio por xunto* (1,7%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En quince comunidades autónomas aumenta o emprego no sector servizos no mes de febreiro con respecto ao mesmo mes do ano 2019. Os maiores incrementos danse en Castilla - La Mancha (2,4%), Murcia (2,1%) e Comunitat Valenciana (2,0%). A única comunidade onde diminúe o emprego é Canarias, -0,1%.

Índices de persoal ocupado. Febreiro 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Febreiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	116,9	4,0	0,9
Comercio	116,9	1,5	-2,6
Venta e reparación de vehículos de motor	91,0	0,8	-3,1
Comercio por xunto	127,6	0,5	-4,3
Comercio ao retalho	97,7	4,8	2,7
Outros servizos	116,4	12,6	13,1
Transporte	130,5	23,3	21,9
Hostalería	95,5	5,3	5,3
Información e comunicacións	109,7	7,7	7,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	109,5	-1,5	4,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,1	10,5	9,6
España			
Xeral	112,8	3,4	2,8
Comercio	113,1	3,4	2,8
Venta e reparación de vehículos de motor	122,1	1,0	0,6
Comercio por xunto	118,3	2,9	2,9
Comercio ao retalho	100,0	5,6	3,5
Outros servizos	112,3	3,2	2,7
Transporte	115,0	4,5	3,6
Hostalería	97,2	6,1	4,9
Información e comunicacións	109,3	0,8	0,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	123,7	0,4	0,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,1	5,9	5,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Febreiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	114,1	6,4	7,4
Comercio	110,6	1,9	-1,8
Transporte	147,9	20,2	18,8
Hostalería	97,4	5,3	5,2
Información e comunicacións	111,5	8,5	8,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,3	2,5	9,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	130,2	9,5	7,9

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Febreiro 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	112,8	3,4	2,8
Andalucía	111,6	4,3	3,0
Aragón	109,6	2,5	1,0
Asturias	104,8	3,2	2,0
Balears, Illes	87,8	2,6	1,8
Canarias	109,8	1,8	1,3
Cantabria	113,4	2,1	2,8
Castilla y León	103,0	6,1	4,9
Castilla-La Mancha	114,0	4,3	2,2
Cataluña	109,4	2,9	1,9
Comunitat Valenciana	115,4	6,3	4,0
Extremadura	109,1	7,6	6,2
GALICIA	116,9	4,0	0,9
Madrid	118,6	2,1	3,4
Murcia	119,0	7,8	5,9
Navarra	115,9	2,0	2,0
País Vasco	112,7	2,0	1,1
Rioja, La	117,9	4,1	2,0

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Febreiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	106,9	0,6	0,7
Comercio	108,6	1,3	1,1
Venta e reparación de vehículos de motor	99,8	-1,0	-0,4
Comercio por xunto	121,4	2,3	1,7
Comercio ao retalho	102,9	1,0	0,9
Outros servizos	105,6	0,1	0,3
Transporte	104,3	-1,5	-0,4
Hostalería	100,5	-1,2	-0,9
Información e comunicacións	109,1	3,2	3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,1	1,9	1,9
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,0	0,6	0,5
España			
Xeral	107,1	1,0	1,0
Comercio	106,8	1,1	1,1
Venta e reparación de vehículos de motor	107,5	0,4	0,6
Comercio por xunto	111,1	1,7	1,6
Comercio ao retalho	103,9	0,7	0,8
Outros servizos	107,3	0,9	0,9
Transporte	109,0	0,6	0,6
Hostalería	100,9	0,6	0,5
Información e comunicacións	111,4	2,1	2,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,0	1,2	1,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,2	0,8	0,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Febreiro 2020

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	107,1	1,0	1,0
Andalucía	105,9	1,1	1,0
Aragón	108,8	0,9	1,1
Asturias	104,2	0,6	0,4
Balears, Illes	94,3	1,4	1,8
Canarias	108,3	-0,1	0,0
Cantabria	106,0	0,4	0,6
Castilla y León	103,6	0,1	0,3
Castilla-La Mancha	106,5	2,4	2,2
Cataluña	108,1	0,4	0,6
Comunitat Valenciana	109,2	2,0	1,9
Extremadura	104,0	0,7	0,7
GALICIA	106,9	0,6	0,7
Madrid	108,5	1,3	1,0
Murcia	111,5	2,1	1,9
Navarra	108,6	1,5	1,7
País Vasco	105,2	0,0	0,3
Rioja, La	107,5	0,8	0,9

Fonte: INE